

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Ratificada con data do 2 de abril de 2009, a adhesión da entidade financeira *Bankinter S.A.*, cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

**RESOLVO:**

Único.-Engadir a entidade financeira *Bankinter S.A.* á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas empresas, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, asinado o 4 de novembro de 2008.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

## **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*Resolución do 6 de abril de 2009 pola que se adhire unha entidade financeira ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 23 de setembro de 2008, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas. As ditas bases foron publicadas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 (DOG nº 215, do 5 de novembro; bases modificadas no DOG nº 19, do 28 de xaneiro de 2009; DOG nº 29, do 11 de febreiro de 2009 e DOG nº 61, do 30 de marzo de 2009).